

GABINETE DE COMUNICACIÓN

CONVOCATORIA PÚBLICA

Bases “XINZOENFLOR 2023”, IV Concurso de Embelecemento de Balcóns e Xanelas

Xinzo de Limia, a 02 de agosto de 2023. O Concello de Xinzo de Limia convídavos a participar no IV Concurso de Embelecemento de Balcóns e Xanelas XINZOENFLOR 2023”.

OBXECTIVO

Premiar a aquelas persoas polo embelecemento dos seus balcóns e xanelas aportando ó mesmo tempo mellora da calidade ambiental e estética , tanto na vila como nos pobos, así coma o esforzo e interese da cidadanía por coidar espazos públicos.

PARTICIPANTES

A participación está aberta a toda a cidadanía do concello de Xinzo de Limia.

GABINETE DE COMUNICACIÓN

CONVOCATORIA PÚBLICA

INSCRICIÓN

Entregarase o impreso de solicitude de participación debidamente cuberto con todos os datos por calquera dos seguintes medios:

- Descargándoo da web do Concello (www.xinzodelimia.gal) e enviándoo por correo electrónico ao enderezo: alcaldia@xinzodelimia-ayto.com
- Presencialmente nas dependencias do Concello, 1º andar en **INFORMACIÓN**.
- O prazo de inscrición rematará o luns 31 de agosto de 2023 ás 23:59h.

Repartirase unha pranta por vivenda por rigorosa orde de inscrición, ata fin de existencias.

GABINETE DE COMUNICACIÓN

CONVOCATORIA PÚBLICA

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Premiarase o balcón ou xanela máis bela, para iso, débense usar plantas vivas como elementos ornamentais e deben ser visibles dende a rúa polo xurado.

As persoas participantes terán liberdade para embelecelos, pero sempre respectando a contorna (vivendas doutros veciños, rúa...) e garantindo a seguridade.

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Orixinalidade e creatividade da composición.
- Calidade ornamental.
- Harmonía e deseño do conxunto.
- Laboriosidade.

GABINETE DE COMUNICACIÓN

CONVOCATORIA PÚBLICA

PREMIOS

Haberá dous premios para cada unha das seguintes categorías:

XINZO VILA

1º PREMIO: bono de 150 euros.

2º PREMIO: bono de 100 euros.

XINZO POBOS

1º PREMIO: bono de 150 euros.

2º PREMIO: bono de 100 euros.

Os bono téñense que empregar nos comercios de prantas de Xinzo.

O fallo do xurado terá lugar o venres 15 de setembro . As persoas participantes serán avisadas con antelación da data e hora da entrega dos premios.

GABINETE DE COMUNICACIÓN

CONVOCATORIA PÚBLICA

XURADO

O xurado do presente concurso estará integrado por un representante de cada grupo municipal, e por 3 veciños que queiran participar na deliberación, de non haber voluntarios, solicitarase a presenza dun xardineiro titulado. Visitarán os balcóns e xanelas adornadas con flores e plantas durante o mes agosto co fin de premiar ao conxunto ornamental máis belo.

COMPROMISO

O Concello notificará directamente ás persoas gañadoras por teléfono e publicará os nomes na web municipal.

Coa inscrición acéptase permitir a divulgación das imaxes dos balcóns e xanelas participantes.

Esta inscrición implica a aceptación das bases do concurso, así como da decisión do xurado.